

## DEPO AVENTURA *A Lanzada*

No campamento da Lanzada as nenas e nenos realizarán un amplo abanico de actividades. Estas son as principais:

### **Mascot of the camp**

Creación da mascota de grupo para decidir a do campamento do vindeiro ano.

### **Back to the future (benvida ao campamento)**

Xincana de pistas pola instalación.

### **Mulleres científicas**

Obradoiro dedicado ás mulleres na ciencia, no que se realizarán experimentos caseiros e se poñerá en valor a figura da muller nesta área, tendo de referencia a científicas de toda a historia.

### **Actividades deportivas no campamento**

#### · DEPORTES ALTERNATIVOS

Serie de deportes pouco coñecidos e non federados ou con federacións pequenas

#### · TIRO CON ARCO. ORIENTACIÓN

Aventura na que se mesturará o tiro con arco con rutas de orientación pola instalación

#### · A LANZADA RACE

Carreira de obstáculos por toda a instalación con remate na praia da Lanzada

### **Actividades deportivas na praia**

#### · BODYBOARD

Deporte similar ao surf no que, a través do empuxe das ondas do mar, se vai tombado boca abaixo enriba da táboa

#### · SNORKEL

Mergullo de superficie con lentes de natación e tubo

#### · XOGOS DE PRAIA

Serie de xogos nos que se empregarán elementos da praia: area, mar, algas etc.

### **Actividades circenses**

Malabares, *clown* e equilibrios, entre outras actividades relacionadas co circo.

### **Actividades de coñecemento do medio**

#### · INTERMAREAL

Aventura na praia na que, coa axuda de trueiros e doutras ferramentas, coñeceremos a fauna da zona intermareal

### **Feira romana Arde Lanzadus**

Feira con diversos pobos na que haberá postos con xogos, obradoiros e actividades.

### **Excursións**

#### · MONTE DA SIRADELLA

Excursión á cima do monte da Siradella polo contorno natural do Grove

#### · A ILLA DE ONS

Excursión a Ons, onde coñeceremos a súa cultura tradicional e teremos un día de praia con xeado

### **Obradoiros**

Todos os días no tempo libre dirixido haberá unha serie de obradoiros nos que, quen queira, poderá facer diversas actividades: pulseiras, personalizar gorras, pintar ou parolar, entre outras.

### **Xogos**

Ademais dos obradoiros, no tempo libre haberá un xogo dirixido a quen lle apeteza xogar, en vez de andar polas pistas ou pasear.

### **Veladas**

Xogos nocturnos altamente tematizados e teatralizados que terán relación coa temática do día.

### **Festa final**

Festa rachada de despedida para festexar por todo o alto a gran semana que pasamos todas as persoas que compartimos espazo no campamento.

En caso de choiva ou calor extrema haberá unha programación alternativa para contrarrestar as condicións existentes e non poñer en risco as nenas e os nenos.

